



BOP

LUNS, 25 DE FEBREIRO DE 2019

N.º 047

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

EXCMA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO SERVIZO CONTRATACIÓN E FOMENTO. UNIDADE DE OBRAS E PLANS

Anuncio

exposto no Taboiro de
Anuncios desta Deputación
desde o día 25-02-2019
ata a día 17-03-2019
O XEFE DA UNIDADE
PORTERÍA E VIXIANCIA

INFORMACIÓN PÚBLICA

Polo órgano competente desta Deputación foron tomados en consideración os proxectos das obras:

- LUGO.- REHABILITACIÓN DE FIRME LU-P-2901 "LU-232-O BURGO-PALAS DE REI (N-547)", PK 0+000 A 3+300, LU-P-2902 "LUGO-PONTE DE OMBREIRO (LU-234)", PK 7+500 A 8+175, LU-P-2903 "CARBALLIDO (LU-232) - SANTALLA DE BÓVEDA-POUTOMILLOS (LU-P-2901)", PK 0+000 A 2+300, LU-P-2910 "TOLDA DE CASTELA (N-VI)-CANTEIRAS DE BURATAI", PK 1+620 A 2+150 E LU-P-2913 "COESES (LU-P-2907-TERLAMA)", PK 1+100 A 4+300 (EX012OB-AF-PERF 17/19-AB)

- MONTERROSO.- ACONDICIONAMIENTO LU-P-3305 "SATREXAS (N-640)-LIGONDE", PK 4+010 A 5+300 (EX013OB-AF-PERF 17/19-AB)

- O VICEDO.- REHABILITACIÓN DE FIRME LU-P-6402 "VICEDO (LU-P-6404) - CRUZ DA PARDIÑEIRA - CRISTO DE ORTAPENA (LU-P-6406). RAMAL A LU-P-6401", PK 12+870 A 16+870 (EX016OB-AF-PERF 17/19-AB)

En cumprimento do que se dispón no art. 93 do T.R.R.L aprobado por R.D.L. 781/86, ábrese un período de información pública para os efectos de alegacións, reclamacións ou suxestións por parte de persoas ou entidades lexitimadas, por espazo de 15 días hábiles contados a partir do seguinte á publicación deste edicto.

Lugo, 15 de febreiro de 2019. O PRESIDENTE, Darío Campos Conde P.D. Decreto de data 0402/2017 de data 24-02-2017 O Deputado Provincial, Pablo Rivera Capón. A SECRETARIA, María Esther Álvarez Martínez.

R. 0513

SERVIZO DE RECURSOS HUMANOS

Anuncio

PUBLICACIÓN DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DE DATA 15 DE FEBREIRO DE 2019 POLO QUE SE RESOLVE A CONVOCATORIA PARA PROVER POLO SISTEMA DE CONCURSO, DISTINTOS POSTOS DE TRABALLO, VACANTES NA VIXENTE RPT, RESERVADOS A PERSOAL LABORAL

Anuncio relativo ao acordo da Xunta de Goberno de data 15 de febreiro de 2019 que literalmente dí:
"Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

A Xunta de Goberno, en sesión de data 19 de outubro de 2018, aproba a proposta de convocatoria e bases para a provisión de postos de traballo de persoal laboral da Deputación Provincial de Lugo a prover polo sistema de concurso de méritos entre persoal laboral fixo da Deputación Provincial, (corrección de erros, sesión de data 26 de outubro de 2018), facéndose públicas no Boletín Oficial da Provincia número 257, de 9 de novembro de 2018 e 269 de 23 de novembro de 2018.

A vista das propostas de nomeamento definitivas formuladas polas Comisións de Valoracións, esta Presidencia as eleva a Xunta de Goberno, para que resolva definitivamente os concursos de provisión de postos de traballo obxecto desta convocatoria, a favor de:

Don José Ángel Castro Fernández, para ocupar con carácter definitivo e polo sistema de concurso o posto de traballo singularizado reservado a persoal laboral número 1547, nivel complemento de destino 18, denominado Encargado I Montaxes, Conservación e Mantemento CENTRAD, adscrito a Área de Turismo e Cultura- Subárea Cultura, PHA, Artesanía e Deseño e Educación, Centro de Artesanía e Deseño e Educación - Centro de Artesanía e Deseño.

Don José Miguel Traseira González, para ocupar con carácter definitivo e polo sistema de concurso o posto de traballo singularizado reservado a persoal laboral número 1964, nivel complemento de destino 18, denominado Responsable II Portería, Vixilancia e Seguridade Edifícios Descentralizados, adscrito a Presidencia-Unidade de Portería e Vixilancia.

Don Gonzalo Rodríguez Ferreiro, para ocupar con carácter definitivo e polo sistema de concurso o posto de traballo singularizado reservado a persoal laboral número 1553, nivel complemento de destino 20, denominado Coordinador –Xefe II Granxa, adscrito a Área do Medio Rural e do Mar-Granxa Provincial.

Don Francisco Rodríguez Fernández, para ocupar con carácter definitivo e polo sistema de concurso o posto de traballo singularizado reservado a persoal laboral número 1554, nivel complemento de destino 18, denominado Responsable II Maquinaria Granxa, adscrito a área do Medio Rural e do Mar-Granxa Provincial.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita”.

O que se da publicidade en cumprimento da Base 10 que rexe a convocatoria, coa indicación de que o presente acordo pon fin a vía administrativa polo que contra este cabe interpoñer potestativamente recurso de reposición ante a Xunta de Goberno no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia ou recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses e na forma prevista na lexislación reguladora da devandita xurisdición, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente.

Lugo, 19 de febreiro de 2019.- A SECRETARIA XERAL, María Esther Álvarez Martínez.

R. 0540

CONCELLOS

ABADÍN

Anuncio

A Xunta de Goberno Local na sesión celebrada o día 22 de xaneiro de 2019, aprobou os Padróns do prezo público pola prestación do Servizo de Axuda no Fogar Básica e Lei de Dependencia, correspondentes ao mes de DECEMBRO DE 2018; que se expoñen ao público polo prazo de quince días contados a partir do seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar contra os mesmos as reclamacións que se estimen pertinentes. Así mesmo faise saber que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos ao amparo da Lei Xeral Tributaria.

Abadín, 13 de febreiro de 2019.- O Alcalde, José M^a López Rancaño.

R. 0495

BECERREÁ

Anuncio

Téndose aprobado polo Pleno deste Concello a Relación de Postos de Traballo por acordo adoptado en sesión de 20 de decembro de 2018, de acordo co preceptuado polo artigo 127 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, e polo artigo 202.3 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, reproducécese a continuación:

RELACION DE PUESTOS DE TRABAJO

AÑO 2019

A) FUNCIONARIOS DE CARRERA

DENOMINACIÓN	DOTAC	N.C.D.	C.E. MEN-SUAL	T.P.	F.P.	ADSCRIPCIÓN GRUPO-ESCALA-SUBESCALA	TITULACION ACADÉMICA	F. ESP	OBSERVACIONES
UNIDAD ADMINISTRATIVA SECRETARÍA-INTERVENCIÓN -Secretario-Interventor	1	28	1.994,82	S	C	A1-H.E.-SECRETARIA INTERVENCION.	T.U. RD 834/2003		En propiedad